

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dez de outubro do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández, vicepresidente 1º, en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Antonio Montero Fernández, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día tres de outubro de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO ATENEO DE OURENSE.- No Pleno con data 28 de febreiro de 2014 acordouse aprobar o expediente nº 1/2014 de modificación das bases de execución do actual orzamento. Habilitouse crédito no capítulo IV de gastos do dito orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05 unha subvención nominativa, por importe de 2.000,00 euros, a favor do Ateneo de Ourense para os gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2013.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Ateneo de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 2.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2013.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 29 de novembro de 2014.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE RIÓS.- No Pleno de data 30 de abril de 2014 acordouse aprobar o expediente nº 2/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 8.000,00 euros a favor do Concello de Riós, para as obras de mellora da eficiencia enerxética e da iluminación pública en Romariz, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez incorporado o remanente de crédito ó orzamento correspondente ó ano 2014, vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Riós, nos seguintes termos:

-Importe: 8.000,00 €.

-Obxecto: as obras de mellora da eficiencia enerxética e da iluminación pública en Romariz.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014

facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2014.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS PARA O PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA DAS COMARCAS DE MONTERREI E CONSO-FRIEIRAS.- No Pleno de data 30 de abril de 2014 acordouse aprobar o expediente nº 2/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 100.626,72 euros a favor da Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das Comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras, para o Plan Turístico Portas de Galicia correspondente á anualidade 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 432.11/766.00.

Unha vez incorporado o remanente de crédito ó orzamento correspondente ó ano 2014, vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das Comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras, nos seguintes termos:

-Importe: 100.626,72 €.

-Obxecto: Plan Turístico Portas de Galicia correspondente á anualidade 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014

o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2014.

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, adoptáronse os seguintes acordos:

5.a) PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE TERMALISMO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.- Unha vez vista a proposta do día 8 de outubro de 2014, que formula a Comisión de Valoración do procedemento tramitado para a concesión de subvencións con cargo ó programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de termalismo correspondente ó exercicio 2014, cuxas bases reguladoras foron aprobadas inicialmente pola corporación provincial na sesión ordinaria de 29 de xullo de 2014 e publicadas, trala súa aprobación definitiva, no BOP de Ourense n.º 194, de 25 de agosto de 2014, a **Xunta de Goberno**, trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- 1.- Admitir á fase de avaliación a totalidade das solicitudes presentadas.
- 2.- Estimar as solicitudes presentadas.
- 3.- Outorgar subvención ós solicitantes polos importes que relaciónanse resultando un importe total a conceder de 299.999,99 € e un remanente verbo do gasto autorizado de 0,01 €:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014

1.^a) Concello do Carballiño, “Acondicionamento do entorno do Baño de Arcos” 25.608,57 €.

2.^a) Concello de Punxín, “Construcción de dúas pozas termais en O Baño-As Quintás” 42.742,63 €.

3.^a) Concello de Bande, “Mellora da captación das augas termais de Bande” 27.828,97 €.

4.^a) Concello de Lobios, “Adecuación e mellora do entorno da área termal de Os Baños” 31.363,10 €.

5.^a) Concello de Baños de Molgas, “Realización de pozas termais no Parque do Muíño” 32.880,37 €.

6.^a) Concello de Cortegada, “Reparación de elementos de fachada e realización de carpinterías interiores no edificio do novo balneario de Cortegada” 36.284,98 €.

7.^a) Concello de Cenlle, “Mellora da estrada de acceso á área termal de Laias” 37.828,07 €.

8.^a) Concello de Cenlle, “Investimentos en materia de termalismo” 10.027,40 €.

9.^a) Concello de Verín, “Adecuación e mellora de fonte e do seu entorno nas inmediacións do balneario de Cabreiroá” 21.556,35 €.

10.^a) Concello de Ribadavia, “Mellora do acceso ás termas de Prexigueiro” 33.879,55 €.

5.b) PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE SERVIZOS CULTURAIS E EDUCATIVOS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.

- Unha vez vista a proposta do día 8 de outubro de 2014, que formula a Comisión de Valoración do procedemento tramitado para a concesión de subvencións con cargo ó programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de servizos culturais e educativos correspondente ó exercicio 2014, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, cuxas bases reguladoras foron aprobadas inicialmente pola corporación provincial na sesión ordinaria de 29 de xullo de 2014 e publicadas, trala súa aprobación definitiva, no BOP de Ourense n.º 194, de 25 de agosto de 2014, a **Xunta de Goberno**, trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014
--

1.- Admitir á fase de avaliación as solicitudes presentadas excluídas **-por non achegar certificado do secretario do concello no que conste a cifra de gasto corrente autorizado no orzamento vixente para os servizos culturais e educativos para os que se solicita subvención** –omisión non emendable consonte co disposto no artigo 7.3.h) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense- as seguintes:

1. a presentada por D. Manuel Jorge Velo Reinoso, como Alcalde do Concello de A Merca,
2. a presentada por D. Antonio Montero Fernández, como Alcalde do Concello de Avión,
3. a presentada por D. José Ramón Barreal Novo, como Alcalde do Concello de Laza,
4. a presentada por D. José César Parente Pérez, como Alcalde do Concello de Nogueira de Ramuín
5. a presentada por D. Xoán Xosé Jardón Pedras, como Alcalde do Concello de Vilar de Santos

2.- Estimar as restantes solicitudes presentadas.

3.- Outorgar subvención ós solicitantes polos importes que relaciónanse resultando un importe total a conceder de 150.000,00 € e un remanente verbo do gasto autorizado de 0 €:

- 1.^a) Concello de Os Blancos, 535,09 €.
- 2.^a) Concello de Cartelle, 3.578,68 €.
- 3.^a) Concello de A Veiga, 2.332,99 €.
- 4.^a) Concello de A Rúa de Valdeorras, 6.489,56 €.
- 5.^a) Concello de Castrelo de Miño, 1.947,72 €.
- 6.^a) Concello de Esgos, 1.074,46 €.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014
--

- 7.^a) Concello de Coles, 4.529,00 €.
- 8.^a) Concello de Pontedeva, 590,74 €.
- 9.^a) Concello de Parada de Sil, 0 € (por ter certificado gasto subvencionable por importe de 0 €)
- 10.^a) Concello de Baños de Molgas, 300,00 €.
- 11.^a) Concello de Muiños, 8.480,09 €.
- 12.^a) Concello de Bande, 877,55 €.
- 13.^a) Concello de O Irixo, 1.065,90 €.
- 14.^a) Concello de Verín, 21.968,62 €.
- 15.^a) Concello de Chandrexa de Queixa, 355,30 €.
- 16.^a) Concello de Barbadás, 6.553,77 €
- 17.^a) Concello de Pereiro de Aguiar, 8.955,25 €.
- 18.^a) Concello de Sandiás, 530,81 €.
- 19.^a) Concello de Ribadavia, 22.918,94 €.
- 20.^a) Concello de Montederramo, 629,26 €.
- 21.^a) Concello de San Cristovo de Cea, 5.012,72 €.
- 22.^a) Concello de Xinzo de Limia, 16.446,50 €.
- 23.^a) Concello de Arnoia, 1.292,78 €.
- 24.^a) Concello de Piñor, 500,00 €.
- 25.^a) Concello de Beariz, 1.181,48 €.
- 26.^a) Concello de Maceda, 0 € (por ter certificado gasto subvencionable por importe de 0 €)

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014
--

27.^a) Concello de Cualedro, 1.254,25 €.

28.^a) Concello de Riós, 1.502,53 €.

29.^a) Concello de O Barco de Valdeorras, 23.287,08 €.

30.^a) Concello de Castro Caldelas, 2.380,08 €.

31.^a) Concello de A Gudiña, 2.820,99 €.

32.^a) Concello de Porqueira, 607,86 €.

5.c) PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COAS MANCOMUNIDADES DE CONCELLOS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.-

Unha vez vista a proposta do día 8 de outubro de 2014, que formula a Comisión de Valoración do procedemento tramitado para a concesión de subvencións con cargo ó programa provincial de cooperación coas mancomunidades de concellos correspondente ó exercicio 2014, cuxas bases reguladoras foron aprobadas inicialmente pola Corporación Provincial na sesión ordinaria de 29 de xullo de 2014 e publicadas, trala súa aprobación definitiva, no BOP de Ourense n.º 194, de 25 de agosto de 2014, a **Xunta de Goberno**, trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- Admitir á fase de avaliación a totalidade das solicitudes presentadas.

2.- Estimar as solicitudes presentadas.

3.- Outorgar subvención ós solicitantes polos importes que se relacionan resultando un importe total a conceder de 299.999,99 € e un remanente verbo do gasto autorizado de 0,01 €:

➤ Mancomunidad de Augas A Rúa-Petín 7.968,89 €.

➤ Mancomunidad Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense, 37.765,63 €.

➤ Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, 50.000,00 €.

➤ Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, 50.000,00 €.

➤ Mancomunidad Santa Águeda, 47.330,00 €.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 10 de outubro de 2014
--

- Mancomunidade Turística dos Concellos de Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro, 15.900,00 €.
- Mancomunidade Terra de Celanova, 41.035,47 €.
- Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Conso-Frieiras, 50.000,00 €.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día dez de outubro do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,